

AS PEBIDAS DE OURO

(Breve historia dunha expedición espiritual)

É fascinante como a memoria recorreu á xeoloxía para recordarte, debe haber algunha razón oculta no tempo pola que eu hoxe de todas as experiencias marabillosas que vivimos xuntas, dende a nenez ata a idade adulta, onde a vida se encargou de separarnos fisicamente, a memoria tan caprichosa e tan esquiva ás veces, escolleu para homenaxearte neste cabodano a tenra imaxe de dúas nenas que buscaban o Dourado no leito sagrado do río Sil ao seu paso polo Barco de Valdeorras.

Entre baño e baño para aliviar a calor, adicábamonos a escarvar coas unllas a area gorda do río á procura das pebidas de ouro que nos dixeran que xa andaran a buscar os romanos erguendo pontes e abrindo subterráneos, faláranos na casa do mítico Montefurado de onde procedía algún antepasado.

Nós non precisábamos tanta enxeñaría, tiñamos o ilusionante plano da imaxinación, e un detector de ouro infalíbel: o noso corazón.

Non nos guiaba ningún interese material, a vida era en si mesma un tesouro inapreciábel, as pebidas de ouro eran só a materialización dun soño que dunha ou outra maneira nunca deixabamos de buscar.

Espero que alí onde esteas agora, haxa un río de augas cristalinas onde poidas seguir buscando esas pebidas de ouro coas que soñabamos.